**D E C R E T O**

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, a teor do seguinte texto:

"No Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2026, está consignada unha subvención directa nominativa a favor da Asoc para a defensa ecolóxica de Galiza, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900, e co obxecto de colaborar na financiación dos gastos derivados da execución da actuación denominada "Actividades e funcionamento".

Así mesmo, no Anexo I do Plan Estratéxico de subvencións 2026-2028, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, recóllese na letra a) da liña 13.1 – Agricultura, gandería e pesca, cuxo centro xestor é a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, unha subvención directa nominativa cuxo perceptor é a Asoc para a defensa ecolóxica de Galiza, por importe de 20.000 €, en concepto de "Actividades e funcionamento", con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900.

Dona Belén Rodríguez Fernández, en nome e representación da Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza, con NIF: G15044811, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, o 3 de xuño de 2026, solicitude de concesión da citada subvención directa nominativa, así como o aboamento anticipado do 80 % do seu importe, é dicir, 16.000 €.

Detectados erros na dita solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse ao representante da entidade solicitante para a súa emenda, que se produciu coa presentación de documentación adicional os días 19 e 23 de outubro de 2026.

Completo o expediente e tendo en conta a normativa de aplicación, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe no que se reflicte, entre outros: a competencia na que se fundamenta a concesión da subvención, o cumprimento dos requisitos esixidos á solicitante para obter a condición de beneficiaria de aquela, a regulación do anticipo, e os datos que deberán figurar na BDNS.

No expediente consta, ademais, borrador do convenio canalizador da subvención, que se adecúa ao modelo tipo aprobado por resolución da Presidencia do 25 de febreiro de 2026 (con emenda do 31 de marzo de 2026), así como fiscalización favorable de aquel, emitida pola Intervención.

Polo exposto, propoño que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

**1º.-** Outorgar a subvención directa nominativa, por importe de 20.000 €, a favor da Asoc para a defensa ecolóxica de Galiza, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación denominada "Actividades e funcionamento"; subvención incluída na letra a) da liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Anexo I do Plan Estratéxico de





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV774DYT3JRP7X464ZEXKAROOA | **Fecha y Hora** | 12/11/2026 12:17:12 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| **Firmado por** | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| **Firmado por** | PABLO RIVERA CAPÓN | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV774DYT3JRP7X464ZEXKAROOA | **Página** | 1/2 |

subvencións 2026-2028, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026.

**2º.-** Aprobar o gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2026.

**3º.-** Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, cuxo borrador, con CSV: IV77SOROHYXLT7ZL5XVGD73VPY, consta no expediente.

**4º.-** Aprobar a concesión do anticipo, con dispensa de garantía, do 80 % do importe da subvención, o que supón unha contía de 16.000 €.

**5º.-** Ordenar o pago do antedito anticipo, con dispensa de garantía, unha vez subscrito o convenio a través do que se instrumenta esta subvención e cumpridos os requisitos nel previstos ao efecto."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**A PRESIDENTA,**
P.D. Decreto de data 14-01-2026
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV774DYT3JRP7X464ZEXKAROOA | **Fecha y Hora** | 12/11/2026 12:17:12 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| **Firmado por** | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| **Firmado por** | PABLO RIVERA CAPÓN | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV774DYT3JRP7X464ZEXKAROOA | **Página** | 2/2 |